



MODELO SILVÍCOLA	PF1
ESPECIES:	Xénero <i>Pinus</i> .
OBXECTIVO:	Produción multifuncional: micosilvícola de fungos e de madeira.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

REXENERACIÓN	
Marco e densidade de plantación	Variable en función das especies empregadas na plantación (1.000-1.500 pés/ha). Deixarase unha separación de 3 ou 3,5 m entre liñas co fin de permitir a mecanización dos traballos silvícolas. >3.000 plantas/ha en sementeira ou rexeneración natural. Recoméndase o emprego de planta micorrizada con especies de fungos que aseguren unha boa implantación da especie forestal. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012. Aproveitamento sucesivo dos fungos comestibles que se produzan, con posibilidades de acoutamento e cumprindo o indicado na lexislación vixente.
Mantementos	Unha roza mecanizada ou manual durante a idade de repoboado e outra na clase de idade de monte bravo. No caso de ser manual os restos deberán amorearse en cordóns ou retirarse do monte. Poderán realizarse rozas adicionais cando se considere oportuno co fin de facilitar a produción e recollida dos fungos e reducir o risco de incendio forestal. Recomendable o mantemento da vexetación mediante pastoreo, polo seu efecto favorable na produción e visibilidade dos fungos, evitando cargas excesivas.

TRATAMENTOS SILVÍCOLAS	
Podas	Unha poda baixa (2,5-3 m) cando o diámetro normal medio estea en torno aos 10 cm, co fin de reducir o risco de incendios e favorecer o acceso á masa. Recoméndase a realización dunha poda alta nos pés que van chegar á corta final.
Desmestas	En masas que proveñen de rexeneración natural realizarase unha desmesta na idade de repoboado ou monte bravo co fin de acadar unha densidade entre 1.000 e 1.500 pés/ha. Recoméndase respectar algúns pés de frondosas caducifolias autóctonas.
Rareas	Dous ou tres rareas de intensidade baixa ou moderada (ata 15 m <sup>2</sup> /ha de área basimétrica), mantendo unha densidade que asegure o vigor da masa principal de piñeiros. Recoméndase respectar algúns pés de frondosas caducifolias autóctonas e chegar a unha densidade previa ás cortas de rexeneración entre 300 e 500 pés/ha. Posibilidade de micorrización de masas establecidas.

CORTAS DE REXENERACIÓN	
Idade de corta	A quenda da especie principal da masa, priorizando quendas longas.
Métodos de corta	Cortas por rareo sucesivo uniforme, por faixas ou por bosquetes. Poderase manter arborado adulto para prolongar a produción de fungos micorrícicos de etapas avanzadas.